

Martes, 12 de setembro de 2023

Núm. 176

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Persoal, oposicións

DECRETO DE ALCALDÍA PARA O NOMEAMENTO/ CONTRATACIÓN DO PERSOAL NO MARCO DO PROCESO EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DESTA CONCELLO DE LALÍN

DECRETO DE ALCALDÍA PARA O NOMEAMENTO/ CONTRATACIÓN DO PERSOAL NO MARCO DO PROCESO EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DESTA CONCELLO DE LALÍN.

Expediente Xestiona: 2064/2022

Por Resolución da Alcaldía de data 6 de maio do 2022 aprobouse a oferta de emprego público do Concello de Lalín para o exercicio 2022 correspondente á estabilización do emprego temporal. No BOPPO núm 95, do 19 de maio de 2022 publicouse o anuncio de dita oferta. Habendo detectado erros na mesma, por Resolución da Alcaldía de 24 de maio de 2022, aprobouse a corrección dos mesmos, publicada no BOPPO núm 102 de 30 de maio.

Na sesión celebrada en Xunta de Goberno Local na data 20/12/2022 aprobáronse as Bases que rexen os procesos extraordinarios de estabilización previstos na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, para cubrir as prazas correspondentes á Oferta de Emprego Público Extraordinario para a estabilización do emprego público temporal deste Concello. Posteriormente ditas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 247 de data 28/12/2022, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Lalín. Publicándose tamén no Boletín Oficial do Estado núm 15 do 18 de xaneiro do 2023 anuncio da convocatoria e abríndose un prazo de 20 días hábiles para que as persoas interesadas puidesen presentar as solicitudes.

As resolucións das listas provisionais e definitivas de aspirantes admitidos/excluídos foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 45 do 6/03/2023 e número 66 de 4/04/2023, respectivamente, aparte de na páxina web e na sede electrónica, tal e como se indica nas bases. Posteriormente procedeuse á publicación das actas provisionais e definitivas na páxina web e na sede electrónica.

Por Resolución de Alcaldía e por Resolución do Presidente do Padroado Cultural de Lalín de data 24 de maio do 2023, aprobáronse as diferentes propostas realizadas polo Tribunal Cualificador de contratación/nomeamento coa respectiva creación das diferentes bolsas de emprego dos/as aspirantes que acadaron as puntuacións requiridas. Con data 2 de xuño de 2023 por Resolución de Alcaldía e do Presidente do Padroado Cultural de Lalín aprobouse a



Martes, 12 de setembro de 2023

Núm. 176

corrección de erros das mesmas, estas foron publicadas no BOPPO núm 110 de 8 de xuño de 2023.

Por Resolución de Alcaldía e por Resolución do Presidente do Padroado Cultural de Lalín de data 24 de agosto do 2023, aprobáronse as propostas realizadas polo Tribunal Cualificador de contratación e nomeamento que se indican de seguido, coas respectivas creacións das bolsas de emprego dos/as aspirantes que acadaron as puntuacións requiridas, publicadas no BOPPO núm. núm.168 de 31 de agosto 2023.

- Visto e enterado dos informes de Secretaría de data 24/05/2022 e o informe de data 22/05/2023.
- Visto o informe da estrutura retributiva do persoal seleccionado no proceso de estabilización da Técnica de Intervención e Nóminas, intervindo e conforme á Interventora Municipal de data 10/07/2023.

Tendo en conta as atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así coma nas disposicións concordantes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar, para este expediente, a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto de data 23/06/2023 dando así cumprimento ao indicado na Base duodécima "Relación de Aprobados e Nomeamento, unha vez realizada as respectivas propostas de contratación/nomeamento dos candidatos/as con maior puntuación e a creación da bolsa de emprego nas respectivas prazas, esta elevarase a Alcaldía, dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios, na sede electrónica, na páxina web do Concello www.lalin.gal e no BOP de Pontevedra.

Segundo.- Proceder á contratación/ nomeamento das seguintes persoas dentro do Plan de Estabilización de Emprego Temporal deste Concello de Lalín:

A) PERSOAL FUNCIONARIO

1.-NOMEAMENTO. PRAZA: CONSERXE (AGP) (CONCURSO OPOSICIÓN)

	<i>Apelidos e Nome</i>	<i>DNI</i>
1.	Gutiérrez González, Sonia	***2836**
2.	Lamas Dobarro, Jesús	***0281**
3.	Permuy Soto, David	***4714**
4.	Vázquez García, Fernando	***2541**

B) PERSOAL LABORAL

2.-CONTRATACIÓN. PRAZA: ENCARGADO/A DE MANTEMENTO (AGP) (CONCURSO)

	<i>Apelidos e Nome</i>	<i>DNI</i>
1.	Ferradás Varela, José Ramón	***0335**

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:03B4E3TOV1KT920



Martes, 12 de setembro de 2023

Núm. 176

3.-CONTRATACIÓN. PRAZA: OPERARIO/A DE LIMPEZA (AGP) (CONCURSO OPOSICIÓN)

	<i>Apelidos e Nome</i>	<i>DNI</i>
1.	Otero González, María Josefa	***0345**
2.	García Viana, Eva María	***3226**
3.	Ferradás García, María Teresa	***2814**
4.	Nogueira Carral, María del Carmen	***2279**
5.	Gimbutis Torres, María Elena	***8267**

Terceiro: Publicar a resolución que se dite no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na sede electrónica municipal e no Taboleiro de Anuncios do Concello .

Cuarto: Proceder á formalización dos contratos de traballo como persoal laboral fixo na modalidade de contrato laboral indefinido e ao nomeamento de funcionarios de carreira segundo proceda, con efectos da data dos preceptivos contratos e actas de toma de posesión e sempre respectando os prazos establecidos nas bases.

Quinto: Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

Lalín, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde, D. José Crespo Iglesias.—Dou fe.—O Secretario, D. César López Arribas

